

EXPTÉ: CONTRATO MIXTO SUBMINISTRO-OBRA AMPLIACIÓN PARQUE INFANTIL OS TILOS. SB-1/2024.

ACTA 2 DA MESA DE CONTRATACIÓN

No salón de plenos do concello de Teo, sendo as 09:30 h do día 09/08/2024, constitúese a mesa de contratación, para levar a cabo o exame da xustificación das ofertas anormalmente baixas presentadas polos licitadores requiridos en data 24/07/2024, para adxudicación arriba referenciada, que queda constituída polos seguintes membros:

Presidente Juan Jesús Cerqueiro Pintos, concelleiro delegado de Servicios Sociais, Familia, Infancia, 3ª Idade e Relacións Veciñais.

Vogais:

- Mª Elena Sueiro Fernández, adxunta á Secretaría do Concello (secretaria acctal S).
- Mónica Lado Varela, interventora xeral do Concello.
- Ignacio Soto González, arquitecto municipal.
- Eloi Devesa Puente, concelleiro do grupo municipal do BNG.

Secretaria:

- Dª. Mª Elena Méndez Buela, administrativa do Concello.

Estando ante un expediente de licitación electrónica, iníciase a sesión na Plataforma de Contratos do Sector Público (PLACSP), constitúese a mesa e incorpórase o acto “**Justificación de oferta anormalmente baja**”.

Comeza o acto “**Justificación de oferta anormalmente baja**”, e dáse conta do informe de data 08/08/2024 emitido por D. Ignacio Soto González, relativo á documentación achegada para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal das ofertas. Sendo requiridas as seguintes empresas en data 24/07/2024 para que xustifiquen a súa oferta de acordo co indicado no PCAP:

GAROCAPRIM S.L.

LAPPSET ESPAÑA V.R., S.L.

A este respecto, o informe emitido polos servizos técnicos municipais en data 08/08/2024, conclúe que:

“Á vista da documentación presentada polas empresas

- *GAROCAPRIM S.L.*
- *LAPPSET ESPAÑA V.R., S.L.*

*e de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rixen o procedemento aberto (cun único criterio de valoración: factor prezo) das obras incluídas na “AMPLIACIÓN PARQUE INFANTIL OS TILOS. SB-1/2024” este técnico entende que a empresas **GAROCAPRIM S.L. e LAPPSET ESPAÑAV.R., S.L. non xustifican a oferta de carácter desproporcionado ou anormal.***

O presente informe contén a miña opinión, segundo o meu leal saber e entender e que someto a calquera outra mellor formada, ten carácter exclusivamente técnico e sen prexuízo do que se formule en calquera outro informe ou requisito que se considere necesario para ó axuste á legalidade vixente da actuación pretendida.

Asemade as valoracións técnicas contidas neste informe teñen que ponderarse dende os presupostos técnicos constatados nos documentos que se citan como os únicos que constan no expediente que se me amosa para a súa emisión, o que supón que unha alteración ou modificación dos mesmos comportaría a invalidez das apreciacións e valoracións técnicas expresadas neste informe.”

O contido íntegro de dito informe será publicado na PLCSP.

Entende a mesa, sobre a base do informe técnico, que procede entender NON xustificadas os valores desproporcionados ou anormais incluídos na oferta dos licitadores GAROCAPRIM S.L. e LAPPSET ESPAÑA V.R., S.L., polo que se entende que procede a súa exclusión.

Realízanse na plataforma as actuacións necesarias para que quede reflectida estas actuacións.

A continuación, a mesa procede á **valoración dos sobres C**, das empresas admitidas e non excluídas, de acordo cos criterios establecidos no Prego de cláusulas administrativas, co seguinte resultado:

LICITADOR	IMPORTE OFERTADO SEN IVE	REDUCCIÓN DE PRAZO ENTREGA	PUNTUACION PREZO	PUNTUACION REDUCCION PRAZO	TOTAL
INSTALACIONES BAHIA PARK S.L.	38.500,00	Non reduce	56,80	0	56,80
OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO S.L	38.953,00	Reduce 10 días	55,92	15	70,92
URBANISMO TECNICO SOSTENIBLE, S.L.	38.651,71	Reduce 10 días	55,93	15	70,93

De seguido iníciase o acto “**propuesta de adjudicación**”, mantendo a avaliación e clasificación realizada, así como as puntuacións que a continuación se indican ás empresas licitadoras admitidas no procedemento ordenándoas de xeito decrecente en función da puntuación obtida:

LICITADOR	IMPORTE OFERTADO SEN IVE	REDUCCIÓN DE PRAZO ENTREGA	PUNTUACION PREZO	PUNTUACION REDUCCION PRAZO	TOTAL
URBANISMO TECNICO SOSTENIBLE, S.L.	38.651,71	Reduce 10 días	55,93	15	70,93
OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO S.L	38.953,00	Reduce 10 días	55,92	15	70,92
INSTALACIONES BAHIA PARK S.L.	38.500,00	Non reduce	56,80	0	56,80

Visto o resultado dos actos anteriores, e conforme ao disposto no artigo 159.4, a mesa considera que procede propoñer como adxudicatario da SUBMINISTRO-OBRA AMPLIACIÓN PARQUE INFANTIL OS TILOS. SB-1/2024, á empresa URBANISMO TECNICO SOSTENIBLE, S.L., con CIF.- B44952430 e enderezo en no municipio de Lalín, rúa Avda. Xosé Cuíña, Nº 8, 4º D, provincia Pontevedra, ao tratarse da empresa licitadora non excluída que obtivo maior puntuación no procedemento.

A mesa procede a comprobar no rexistro de licitadores os puntos que recolle a cláusula 14 do PCAP, resultando que a empresa URBANISMO TECNICO SOSTENIBLE, S.L. figura inscrita no ROLECE.

Finalízase o acto de “Propuesta de adjudicación” e realízanse os trámites que establece a Plataforma a fin de que quede reflectida a información que se desprende da proposta.

Á vista do anterior e de acordo co indicado no artigo 159.4f), **a mesa por unanimidade ACORDA:**

Primeiro.- Propoñer a exclusión de GAROCAPRIM S.L. e LAPPSET ESPAÑA V.R., S.L, por NON ter xustificado correctamente a incursión en baixa da súa oferta, segundo se desprende do informe técnico de data 08/08/2024.

Segundo.- Clasificar á empresas de acordo coa valoración realizada, outorgando as puntuacións que a continuación se indican ás empresas licitadoras admitidas e non excluídas no procedemento ordenándoas de xeito decrecente en función da puntuación obtida:

LICITADOR	IMPORTE OFERTADO SEN IVE	REDUCCIÓN DE PRAZO ENTREGA	PUNTUACION PREZO	PUNTUACION REDUCCION PRAZO	TOTAL
URBANISMO TECNICO SOSTENIBLE, S.L.	38.651,71	Reduce 10 días	55,93	15	70,93
OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO S.L	38.953,00	Reduce 10 días	55,92	15	70,92
INSTALACIONES BAHIA PARK S.L.	38.500,00	Non reduce	56,80	0	56,80

Terceiro.- Formular proposta de adxudicación de SUBMINISTRO-OBRA AMPLIACIÓN PARQUE INFANTIL OS TILOS. SB-1/2024, á empresa URBANISMO TECNICO SOSTENIBLE, S.L., con CIF.- B44952430 e enderezo en no municipio de Lalín, rúa Avda. Xosé Cuíña, N° 8, 4º D, provincia Pontevedra, ao tratarse da empresa licitadora non excluída que obtivo maior puntuación no procedemento e cuxa oferta é a seguinte:

- Oferta económica: 38.651,71 € + 8.116,86 € = 46.768,57 €
- Prazo de entrega: 20 días dende a formalización do contrato (redución do prazo en 10 días)

Cuarto.- Requirir ao licitador URBANISMO TECNICO SOSTENIBLE, S.L., con CIF.- B44952430, de conformidade coa cláusula 14 do Prego de cláusulas administrativas particulares e de conformidade co artigo 159.4.f) 4º, para que no prazo de 7 días hábiles presente a documentación indicada na citada cláusula.

Sendo as 9:46 horas dáse por finalizada a sesión, estendéndose a presente acta que asina a secretaria da mesa co visto e praxe do Sr. Presidente.

O presidente
Juan Jesús Cerqueiro Pintos

A secretaria da mesa
Mª Elena Méndez Buela